

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

11837 *Lei 18/2013, do 12 de novembro, para a regulación da tauromaquia como patrimonio cultural.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

A tauromaquia forma parte do patrimonio histórico e cultural común de todos os españois, en canto actividade enraizada na nosa historia e no noso acervo cultural común, como así o demostran as partidas de Afonso X O Sabio, que xa no século XIII consideraban e regulaban esta materia.

As festas ou espectáculos taurinos inclúen non só as corridas de touros senón tamén un numeroso conxunto de tradicións e festexos populares vinculados ao mundo do touro, que pola súa vez comprenden o que hoxe entendemos por «tauromaquia». Todo isto é signo de identidade colectiva e iso xustifica que a súa preservación corresponda e competa a todos os poderes públicos.

O carácter cultural da tauromaquia é indiscutible e merece ser preservado como un tesouro propio do noso país, rico en culturas distintas. Esa manifestación cultural específica foi mesmo exportada a outros países que a desenvolven, promoven e protexen.

A tauromaquia é unha manifestación artística en si mesma desvinculada de ideoloxías na cal se resaltan valores profundamente humanos como poden ser a intelixencia, o valor, a estética, a solidariedade ou o raciocinio como forma de control da forza bruta. A iso hai que engadir que forma parte da cultura tradicional e popular, como conxunto das manifestacións, coñecementos, actividades e crenzas pasados e presentes da memoria colectiva, e é un dos puntos de referencia a partir do cal as iniciativas da sociedade se enmarcan nun contexto configurador da identidade nacional propia, arraigada nunha pluralidade de formas de expresión popular.

A sociedade española é moi diversa e, dentro desa diversidade, encontramos grandes afeccionados e ao tempo moitos cidadáns que manifestaron a súa preocupación polo trato que reciben os animais durante os espectáculos taurinos. Conscientes da heteroxeneidade da sociedade, tamén debemos admitir que, actualmente, existe un consenso na aceptación maioritaria do carácter cultural, histórico e tradicional da tauromaquia como parte esencial do patrimonio histórico, artístico, cultural e etnográfico de España. Como tal, é responsabilidade dos poderes públicos asegurar a liberdade do creador e, neste caso, do desenvolvemento de calquera expresión artística, como é a tauromaquia e o respecto cara a ela.

A festa dos touros e os espectáculos taurinos populares son algo vivo e dinámico, suxeitos á constante evolución, sen que se poidan facer conxecturas sobre de que maneira se adaptarán ás sensibilidades cambiantes dos nosos tempos ou doutros vindeiros. Isto dependerá de que se manteña a afección popular e de que esta sexa capaz de renovarse nas novas xeracións de afeccionados, que son os que, de ser o caso, deberán manter, actualizar e conservar a festa dos touros. Pero, en todo caso, será desde a liberdade da sociedade a optar e desde a propia liberdade que significa a cultura, sen rabenar o acceso a ela.

Agora ben, o que podemos afirmar é que a tauromaquia conforma un incuestionable patrimonio cultural inmaterial español, que non posuímos en exclusiva, senón que compartimos con outros lugares como Portugal, Iberoamérica e o sur de Francia.

Así mesmo, hai que destacar que a tauromaquia comprende todo un conxunto de coñecementos e actividades artísticas, creativas e produtivas arredor do espectáculo taurino, que van desde a crianza e selección do touro de lida á confección da indumentaria dos toureiros (os chamados traxes de luces), á música das corridas, ao deseño e á produción de carteis, que conflúen na corrida de touros moderna e na arte de lidar, e nun diálogo fluído e próximo entre público e artista.

Por tanto, o presuposto desta norma é a afirmación de que a tauromaquia é cultura, que comprende outras facetas dignas de protección ademais do propio espectáculo que se concreta na corrida de touros moderna, e, por iso, o recoñecemento da tauromaquia como patrimonio cultural supera a simple «conexión dos espectáculos taurinos co fomento da cultura» que afirma a exposición de motivos da Lei 10/1991, do 4 de abril, sobre potestades administrativas de espectáculos taurinos.

Pero, ademais do aspecto cultural, a tauromaquia ten unha indubidable transcendencia como actividade económica e empresarial, de dación de bens e servizos ao mercado, e produce un fluxo económico que se traduce en miles de postos de traballo.

O espectáculo taurino non é senón o elo final dun proceso en que interveñen e se xustapoñen diversas actividades económicas e suxeitos produtivos, desde os activos e recursos materiais e humanos dedicados á cría do touro de lida no campo, ata os activos e recursos materiais e humanos que interveñen no espectáculo taurino propiamente dito.

A tauromaquia constitúe un sector económico de primeira magnitude, cunha incidencia tanxible en ámbitos diversos e dispersos como son o empresarial, o fiscal, o agrícola-gandeiro, o ambiental, o social, o alimentario, o industrial ou o turístico, entre outros.

En consecuencia, correspóndelle ao Estado ordenar e fixar as directrices e criterios globais de ordenación do sector taurino, no seu dobre e inseparable aspecto de patrimonio cultural de carácter nacional e de sector económico e sistema produtivo propio e ben delimitado no seu contido.

A tauromaquia é un conxunto de actividades que conecta directamente co exercicio de dereitos fundamentais e liberdades públicas amparados pola nosa Constitución, como son as de pensamento e expresión, de produción e creación literaria, artística, científica e técnica. E resulta evidente que a tauromaquia, como actividade cultural e artística, require de protección e fomento por parte do Estado e das comunidades autónomas.

É necesario considerar a protección e regulación de tan importante patrimonio cultural, artístico, social e económico como unha actividade de todos os poderes públicos para o servizo aos cidadáns, por mandato do disposto no artigo 44 da Constitución, pois aqueles deben promover e tutelar o acceso á cultura, á cal todos teñen dereito, e, no artigo 46, que lles impón aos poderes públicos a obriga de garantir a súa conservación e promover o seu enriquecemento, así como o dos elementos que os integran, calquera que sexa o seu réxime xurídico e a súa titularidade. Por último, debe concluír esta referencia constitucional coa cita do artigo 149.2, que expresa a preocupación do lexislador constituínte pola preservación e polo progreso dos valores culturais da sociedade española e que lle impón ao Estado a obriga de considerar o servizo da cultura como un deber e atribución esencial.

O obxecto da lei é delimitar a tauromaquia como parte do patrimonio cultural digno de protección en todo o territorio nacional. Isto trae como consecuencia, nun marco de colaboración entre as diferentes administracións públicas, un deber xeral de protección e, pola súa vez, unhas medidas de fomento e protección no ámbito da Administración xeral do Estado.

Artigo 1. *Concepto de tauromaquia.*

Para os efectos desta lei, enténdese por tauromaquia o conxunto de coñecementos e actividades artísticas, creativas e produtivas, incluíndo a crianza e selección do touro de lida, que conflúen na corrida de touros moderna e na arte de lidar, expresión relevante da

cultura tradicional do pobo español. Por extensión, enténdese comprendida no concepto de tauromaquia toda manifestación artística e cultural vinculada a ela.

Artigo 2. *Tauromaquia como patrimonio cultural español.*

A tauromaquia, nos termos definidos no artigo 1, forma parte do patrimonio cultural digno de protección en todo o territorio nacional, de acordo coa normativa aplicable e os tratados internacionais sobre a materia.

Artigo 3. *Deber de protección.*

Na súa condición de patrimonio cultural, os poderes públicos garantirán a conservación da tauromaquia e promoverán o seu enriquecemento, de acordo co previsto no artigo 46 da Constitución.

Artigo 4. *Participación e colaboración entre as administracións públicas.*

Para o cumprimento dos fins a que se refire o artigo 3, a Comisión Nacional de Asuntos Taurinos, creada pola Lei 10/1991, do 4 de abril, sobre potestades administrativas en materia de espectáculos taurinos, constitúese, baixo a presidencia do ministro de Educación, Cultura e Deporte, en órgano de participación e colaboración das administracións públicas con competencias sobre a tauromaquia e dos sectores vinculados a ela, coa composición e funcións que regulamentariamente se determinen.

Artigo 5. *Medidas de fomento e protección no ámbito da Administración xeral do Estado.*

1. De conformidade co establecido nos artigos 46 e 44, 149.1, regras 1.^a e 28.^a, e 149.2 da Constitución, é competencia da Administración xeral do Estado garantir a conservación e promoción da tauromaquia como patrimonio cultural de todos os españois, así como tutelar o dereito de todos ao seu coñecemento, acceso e libre exercicio nas súas diferentes manifestacións.

2. Para lograr os fins a que se refire o número anterior, o Goberno desenvolverá as seguintes medidas:

a) A aprobación dun plan nacional, no cal se recollerán medidas de fomento e protección da tauromaquia, garantindo o libre exercicio dos dereitos inherentes a ela.

b) O impulso dos trámites necesarios para a solicitude da inclusión da tauromaquia na lista representativa do patrimonio cultural inmaterial da humanidade a que se refire o artigo 16 da Convención para a salvagarda do patrimonio cultural inmaterial, aprobada o 17 de outubro de 2003 en París pola Conferencia Xeral da Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura.

c) A actualización da normativa taurina, a través do marco de colaboración da Comisión Nacional de Asuntos Taurinos.

d) O impulso de normas e actuacións que fomenten o principio de unidade de mercado, responsabilidade social e liberdade de empresa no ámbito da tauromaquia, en consideración aos beneficios económicos, sociais e ambientais que esta actividade xera.

e) O impulso e fomento, en colaboración coas restantes administracións públicas, dos mecanismos de transmisión dos coñecementos e actividades artísticas, creativas e produtivas que conflúen na corrida de touros e na arte de lidar. Así como potenciar outras medidas de identificación, documentación, investigación, valoración e transmisión deste patrimonio nos seus distintos aspectos.

Disposición derradeira primeira. *Reformas normativas e desenvolvemento regulamentario.*

No prazo máximo de tres meses desde a aprobación desta lei, o Goberno impulsará as reformas normativas necesarias para recoller, dentro da lexislación española, o

mandato e os obxectivos da Convención para a salvagarda do patrimonio cultural inmaterial da UNESCO.

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 10/1991, do 4 de abril, sobre potestades administrativas en materia de espectáculos taurinos.*

O artigo 12 da Lei 10/1991, do 4 de abril, sobre potestades administrativas en materia de espectáculos taurinos, queda redactado como segue:

«Artigo 12. *Comisión Nacional de Asuntos Taurinos.*

Créase a Comisión Nacional de Asuntos Taurinos coa composición, as funcións e o procedemento de actuación que regulamentariamente se determinen.

A Comisión constitúese, baixo a presidencia do ministro de Educación, Cultura e Deporte, en órgano de participación e colaboración das administracións públicas con competencias sobre a tauromaquia e dos sectores vinculados a ela.»

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 12 de novembro de 2013.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno
MARIANO RAJOY BREY